A CIDADE

Na cidade vivían moitos ingleses. Eran técnicos na construción de buques. Vestían os seus nenos de *jóckeys* e fumaban en cachimba. Tiñan unha escola propia e unha capela evanxélica.

A cidade estaba chea de mariñeiros e soldados. Os desfiles militares eran moi vistosos, pois había tricornios, cascos e penachos. En Corpus, as forzas da guarnición cubrían a carreira, e na procesión figuraban todos os santos das igrexas. Claro está que era esta a procesión que os nenos preferiamos.

Daquela non había automóbiles, senón coches de cabalos. Non había condución de augas. Había mulleres que arrecadaban en sellas a auga das fontes, en fermosas sellas de aros dourados.

Todo o mundo coñecía as divisas dos oficiais de mariña; todo o mundo sabía algunhas palabras de inglés.

Eu nacera no máis vello da cidade, nunha casa que daba á Praza Vella, onde se celebraba unha feira cada mes. A praza poboábase entón de labregos que mercaban zocas, peneiras, loras, sellas, paxes, patelas...

As rúas estaban enlousadas con grandes lousas. Aínda ficaban soportais nalgúns lugares. Había cine dous días á semana. As donas usaban corsé, e os señores rizaban os bigotes.

Ricardo Carvalho Calero

- Comprensión lectora:

  - ✓ Que eran os ingleses?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ De que persoas estaba chea a cidade?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ Que cres que son os tricornios, cascos e penachos?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ Que había en vez de automóbiles?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ Para que se utilizan as sellas?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ Que seis cousas mercaban os labregos?
  - ✓ .....

    .....
  - ✓ En que parte da cidade nacera?
  - ✓ .....

    .....

- No texto aparece o anglicismo *jóckey;* serías quen de completar as oracións co anglicismo correcto?

jóckey, sándwich, bisté, tícket, show, hobby

- ✓ Tiña tanta fame que enguliu dous ..... dunha sentada.
- ✓ O ..... fustrigou a súa montura para saltar a sebe.
- ✓ A Rosalía interésalle a ciencia e o seu ..... favorito é o estudo dos minerais.
- ✓ Un dos ..... máis exquisitos que hai é o de polbo con queixo quente de San Simón.
- ✓ Hai unha semana fun coa miña familia ao teatro a ver un ..... de ilusionismo.
- ✓ Sempre perde o ..... do coche de liña.

- Relaciona os anglicismos do exercicio anterior coas formas correctas en galego.

ANGLICISMO	GALEGO
	xinete
	emparedado
	filete
	billete
	espectáculo
	pasatempo

- No texto aparece un xentilicio, cal é? .....

- Completa coa información sobre a cidade:

A CIDADE

Na Praza Vella celebrábase.....
.....
.....

Nela vivían.....
.....
.....

Estaba chea de.....
.....
.....

Non había.....
.....
.....
.....

As donas usaban.....
.....
.....
.....

Na feira os labregos marcaban.....
.....
.....

- Observa a foto actual da Praza Vella de Ferrol e fai unha descrición:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- Resolve o encrucillado co nome dos obxectos que mercaban os labregos na feira de Praza Vella.



HORIZONTAIS

1.- Cestos de vimbio ou varas con dúas asas ou un aro.
2.- Cestas ou caixas de bordo baixo, que utilizan as peixeiras para transportar e expoñer o peixe.
3.- En plural. Calzado rústico dunha soa peza, enteiramente de madeira, que leva tacos ou chatolas para evitar a humidade e se calza sobre os pés protexidos por carpíns, zapatillas etc.
4.- Aros dobrados que van no centro do xugo e que serven para suxeitar este ao temón do arado ou á cabezalla do carro, por medio da chavella.
5.- Recipientes formados por táboas de madeira unidas e fixadas por arcos de metal, máis anchos no fondo ca na cima, que se empregan sobre todo para carrexar e conter auga.
6.- Caixa de madeira, con fondo de rede de metal de malla, que se emprega para separar as partículas de distinto grosor como a fariña, a area etc.

- **A TODO FILISPÍN** é una expresión típica de Ferrol, tomada do inglés “full speed”. Saberías relacionar estas expresións co seu significado?

En San Xoán ás nove con día dan.

SEN PASARSE

Ir a fume de carozo.

NON VOU FACER O MESMO

Desta auga non beberei.

COMER O QUE HAXA

Nin tanto, nin tan pouco.

AGUANTAR CO QUE TOCA

A falta de pan, boas son tortas.

OS DÍAS SON LONGOS

A mal tempo, boa cara.

A TODA VELOCIDADE